

## Máis Xabarín

VÍCTOR IGLESIAS VIQUEIRA

### O CREGO TEN CON QUE

Pereira vén de aturar o crego a conta de que o Ferreiro é un... Pereira viña de aturar o Ferreiro porque o cura é un fillo de... E Pereira leva o conto dos insultos a ambos os dous, que rifan pola fonte: que se ten que mexar, segundo o Ferreiro; que non, pola banda do talibán, que a auga é da súa xurisdición.

—Personaxes así son para descrer –alporízase o Ferreiro ao carón da lareira.

Comparte o noxo cun grollo de Rosal, apunta co dedo á parede e di:

—Xúrocho por eses dous cabaleiros.

Os susoditos sonche Franco e mais o pai do Ferreiro. O retrato do pai é un óleo; o doutro, unha foto que o ditador asinou no seu tempo para a batería de Silleiro.

—Por que orde? –quere saber Pereira.

—Vaite ao carallo! A ese tipo, que é amigo teu, xa lle caerán unhas hostias. Non da miña man, pero non che digo que me disgustara o asunto.

O crego ten o costume de vixiar dende o adro o camiño de chatarra do Ferreiro. O Ferreiro ten hora para tomar o vermú no Golfiño e o crego písalle as pegadas. O caso é que o Ferreiro bota unha ollada á igrexa por se descobre a sentinela, e este é quen de agocharse para que o rival pique na trampa de acudir ao bar.

E visto e non visto. O cura chega como saído de baixo da sotana. O Ferreiro, ou traga o vermú dunha vez e vaise ou corre o risco de que o talibán veña falar con Pereira, que está a falar co inimigo. En calquera dos casos, o Ferreiro berra despois no taller contra ese fillo de... que xa marchou corrido polos fregueses do Baixo Miño.

A falta do Ferreiro, o crego achégase xunto de Pepe Bigotes, que o viu vir e entre-tén o xornal para chingar ao reverendo.

—Déixame mirar... –e fai o ademán de consultar quen morreu, por se se fai cargo do pasamento.

—Tí non estás, aínda. É o primeiro no que me fixo pola mañanciña.

Pepe Bigotes, ao cabo, dálle o xornal e o crego rexéitao porque quere mexar. E Bigotes pregunta se ten con que e o talibán resposta que vaia mirar. Pereira fala de seriedade, que parece mentira que anden coa próstata ás voltas e quen é máis home só por iso.

O crego segue coa súa toleira da gaita viril. E como Pereira bate co chisqueiro no mármore da barra, solta en xesto que non require palabras:

—Non es quen de bater coa túa...

Co xesto, tamén, Pereira fai entender que se non amosa o chisme en proba é porque non ten cousa que ensinar. Sorrí o crego, sae á rúa e Pepe Bigotes pide outro chupiño. De alí a un pouco o talibán tráelle uns libros a Pereira, libros que adoita collelos no coche do xornalista, quen:

—Ti, sempre de coña. Aínda terás que confesarte, se é que hai quen che dea penitencia, lampantín, falcatruero.

E logo tócalle a Pepe Bigotes, que dende que cambiou do coñá ao güisqui tampouco fai ren, pois leva tempo xubilado despois dunha vida apenas traballada:

—E cala ti, que es de Ourense —di Pereira.

—De Ourense a un lado, xornalista trapalleiro —resposta Pepe Bigotes.

Pereira di deica logo e déixaos por “impasibles”, xa esgotada a cota de resistencia. Sae cara ao taller do Ferreiro, que ten a tixola ao lume na cociña de butano. Pereira está avisado da merenda-cea e, se non acode, o da fragua chámalle maricón por que non viñeches. Bota pementos por riba da tortilla e aínda bota mexillóns. Os pementos, tipo Padrón, tipo Arnoia, sonche de colleita propia, na zona verde de Portos diante do taller.

—Pereira, pon vasos. Pon pratos, trae viño da adega, chama aos outros. Hoxe non traballo máis e vou coller vacacións en canto remate os punteiros. Pecha a porta con chave. Que chamen na casa da Collona. Que tomen polo cu-ra.

## O BRIGADA ELÍAS

Segue na memoria dalgúns que viña a ser baixo dúas veces: por selo e mais por forte. Pois chegou a brigada “de cuchara”, non pola carreira, e déronlle un destino doado: o mando do destacamento de Camos, cando houbo batería en Monteferro. Elías mantivo a práctica dos superiores: toda a xente para casa, que máis se aforra. O uniforme da tropa ficaba pendurado dun cravo. Os pernoctas axudaban co gando e mais o millo e o xefe, segundo el, empregaba todo o presuposto en mantemento; e así as contas saíanlle.

Foi tan doado que o sistema perdurou. Mais un día colleuno de súpeto a visita de inspección, case que sempre avisada. Viña o coronel Equis (menos mal que non outro). Daquela o correo aínda tiña máis atrancos que hoxe e o teléfono era de manivela e con horas de espera ou de ir o día seguinte á centralita... a agardar. Resolveu Elías acudir á cantina (de onde procedía), reuniu os paisanos coa man, pagou unha rolda e falou:

—Meus, atópome nun apuro. Vén o coronel e non hai soldado que forme.

Miraron para el os parroquianos, e miráronse eles: calvos, sen dentes, barrigóns... Elías soubo achegalos ao compromiso:

—Bebede e que non vos quede gota na gorxa: prégovos que vistades o uniforme coma un servizo á patria, sacando folgos do xermolo que tivestes na mili.

Elías rematou de convencer as miradas que son vontade cunha nova rolda de espadeiro e tapas de alcrique, peixe collido co garfo de madeira que treme na man.

Fóronse para o destacamento e fixeron a pantomima de que o traxe de Peño Silveira, de Lalín, pequeno e grosso, se axustase ao corpo de Xoán de Priegue, de cabelo cincento, con pinta de vimbio. E os tempos foron chegados:

—Cabo guardia! Xefe de día! —e o guichiño levou a man ao ombreiro dereito, por enriba do coitelo do mosquetón.

Sáíulle ao paso o protocolo de Elías, ledco coa visita. Púxose o coronel a revisar o armamento. Mentres, o capitán botaba ollos de desconcerto ás facianas da tropa... desconcertada.

—E logo ti? Non vés sendo o meu asistente, hai vinte anos, en Figueirido?

Pois claro que si. Ningún da tropa servía en activo, senón en pasivo. O coronel tomou boa nota e chegou á conclusión de que cumpría impoñer un correctivo a Elías e, se cadra, aos falsos soldados. Entre vai e vén, Elías amosa a Laureada de seu pai. Non é certo que remataran todos na cantina. Si que botaron a correr os escaqueados, como se houbese xantar extra por Santa Bárbara.

#### RAI (MUNDO), PACO, RACHAOVOS

Os tres, bareiros. Rai, en Baíña, ten sona de que non desbota nada. Que “sobrou” un culín de café, un resto de cervexa, unha pinga de coñá... todo para unha piche-la e veña para adentro. É fama que de verquerse un líquido polo mostrador, é quen de recollelo na man e bebelo con habilidade antiga, de moito exercicio.

A súa faciana é de pel de bebé, pel de lama tibetano coa idade detida de home forte, san. Compárase con Pereira e este perde, porque parece maior. É a barba, sonche eses pelos que rifan co peite.

Fai a excursión de bar tamén o Pillete. Entón é doado mudar a práctica cotiá de darlle calquera purrela ao cliente. Advirte de que ao viño, recién vendimado, non lle ten moita fe, que proben e xa se verá. Pillete di que non está mal (porque o tomou peor) e Pereira asinte, que vale, e veña outro do mesmo.

Rai está afeito a tomar o que beben os clientes e pagas ti. O prezo é axeitado porque Rai monta negocio caseiro. E a conversa acompaña os grolos: trabucos que se pagan ou non, quen manda no concello... Chégase á conclusión de que, por máis que suban a gasolina, con botarlle sempre vinte pesos non o notas, e riste do chiste.

Rai, cando estivo embarcado, facía marabillas co quiñón ou co que apañaba. Cabeza de bacallau que dispoñía nun regato para que gañara peso e así vendelo polo que non era. A operación era de noite e, ás escuras, a rapazada estragábaa e nas súas casas xantaban bacallau por follas. Rai ideou non deixar a mercadoría soa, senón vixiar namentres. Daquela enchían menos as pezas, pero non as perdía enteiras. Como aquela vez que saíu co coitelo na man porque o Rato e mais outro da camarilla, na moto, levaban a rastro unha restrá polo cordel no que estaban a secar.

O Paco, en Baredo, atende á movida dende os oitenta. Xente nova que se colocaba primeiro con viños brancos doces do Refuxio, a cinco pesos o vaso. E logo, a facer tolerías coa moto na curva, a arrincarlle chispas ao estribo a 125, 130... por hora, e contalo deseguido. No bar, co chourizo, van ao viño doce por porrón e á sangría.

A sangría cecais sexa a estrela da esmorga. Unha sangría singular feita cos restos dos líquidos, coas sobras dos vasos, de xeito que teña cor distinta.

Rachaovos monta o seu bar, que é cova, preto da Ponte Ramónica. Baixa as persianas verdes e mira polo burato. O máis salientable é a limpeza, que endexamais existiu. Limpeza que abrangue vasos e cuncas, lavadas coa auga dos vasos e cuncas anteriores: coa mesma auga, nunha tina. Despáchate ou non, segundo a compañía coa que veñas.

### REMIXIO É NOME DE GALO

Vén de relevar a Lourenzo, que xa foi papado. Non pega peteirazos coma o seu conxénera, máis gusta do viño, sen discriminar. Aprendeuno de Caamaño, que finou. O galo tiña o seu cortello na galería da lavadora e achegábase á fiestra, co vidro por medio do comedor, para demandar un grolíño. Caamaño collía a botella que cadrase, fose branco ou herbas, e axeitaba na cunca unhas sopas de cabalo canso. Logo corría á fiestra e, na pedra, dispúñalle o asunto.

O galo picoteaba deseguido, voltaba á lavadora e, de súpeto, batía no chan coma unha tella. Hoxe, o Ferreiro acomodoulle un cortello no baixo, que comparte coa cadela Laika. A cadela pápalle o penso e logo déitase por riba do millo, na lata de marmelo onde dorme. Remixio anda tolo, coma sen rumbo, dende que as doses de viño se reduciron. Velái o Ferreiro facendo a graza cando as visitas.

Para min que Remixio estache máis afeito a que o leven roubado que para xantar dos lacazáns de sempre. Dona Filomena terquea que para qué o galo serodio, que iso non se pode comer. Pereira abre a cancela cara á adega, amodo para que galo e cadela non aproveiten para saír á zona verde e, no percorrido, encher de merda a beirarrúa e o chan do alboio e arrincarlle as tomateiras á vella.

A vella, en contra do que di, mira polo galo. E cando Remixio sae do curral e quere que volte, mellor que co caxato, devólveo co truco que tamén coñece Pereira: colle a cadela no colo e o galo séguela, mantendo o tipo, ergueita a crista vermella de fragua ben aserrada.

Ferreiro anota que Remixio dá as seis en punto, coma un reloxo. E Pereira pregunta se tamén no inverno:

—Entón, co horario oficial, cun pouco de retraso se chove.

### XURELOS EN ZAMÁNS

Foiche boa a do Penisco, panadeiro de moita sona no Val. Aconteceu que el e máis algúns da pandilla fixaron o día seguinte para iren pescar no encoro de Zamáns. Madrugou o que máis, polo feito de que non se deitou despois do traballo. Así que os da pandilla, cando chegaron pola mañanciña atopárono durmindo, canso de amasar.

E xurdiu a falcatuada co gallo de que por alí andivese unha vendedora de peixe coa patela na cabeza. Mercáronlle uns bos xurelos, semellaron que morderan o anzó abanicando a cana e espertaron a Penisco como se viñera dun pesadelo. Boa peza o xurelo, sorpresa de que non fora troita. E folgos para lanzar de novo o sedal por se houbera dabondo. Pois non.

Estendeuse a noticia dos xurelos no encoro, como se abundaran tal que as rodas de coches e as lavadoras e cociñas do fondo. Axudar axudou o correspondente dun xornal considerado a Biblia na prensa da bisbarra, correspondente que ofreceu a nova como “auténtica exclusiva”.

A xente le e comenta. E así, achegouse o cónsul acreditado en Vigo, afeccionado á pesca, que quixo probar sorte. E logo do fracaso da pesca, aproveitou os callos do Mineiro. Alí o Ferreiro contaba a súa presenza artesá na Festa da Istoría:

—Diante do castelo, no sitio mellor, estou a traballar e veñen uns cabaleiros con lanza e espada e raptan a unha moza diante dos meus fociños. Levounos o vento en canto collín unha variña do catorce ardendo.

Negreira, que non engorda máis porque xa vai ben cebado, fora daquela de axudante:

—Ferreiro, que aquilo era un teatro, coma os “magrebís” en troques de diñeiro.

—Cala ti, que aínda tes o ganapán.

## VARILLAS

É fraco coma Don Quixote redivivo. Soamente que non monta cabalo, senón tractor ou furgoneta. Traballa ás changadas: apañando herba dun campo, levando leña do monte, con ferros... Ten o don de falar con quen sexa, alomenos na barra do bar. E o xesto de convidar denantes de que o conviden.

Viste unha mestura de gandeiro facendado e de cazador do raposo. No monte pastan cabalos e vacas da súa propiedade. Os cabalos, en Chan da Lagoa; as vacas, no Cortelliño. O reflexo ise de Paulov non é segredo para os animais. Aos cabalos, ao subir, tócalles o claxon, que agarden, que primeiro sonche as vacas. De recollida, tócalles ás monturas.

As vacas xúntaas con rancheiras de Pedrito Fernández. Aproxímanse a xantar só as reses propias, ás que lles dedica as cancións. Se fai falla, algúns dos cabalos acoden a espantar as vacas alleas.

—Pereira, remata o chupiño e imos aló.

A furgoneta é caixa de moito son, de son desencaixado, e reséntese das poucas forzas naquela curva que é un ese maiúsculo. Promete contar aqueles episodios con carga de máis e aínda enrarecida, Portugal ao fondo.

## YAKO, COMO PLATERO

O can Yako é como se fose creación de J. R. J. Tan branco por fóra que semella terse prendado do conto. Hai quen di que, de feito, el é o dono de Carlos, e non ao contrario, na relación co amo. Yako anda ás brincadeiras na sebe do xardín fronteiro: igual ca un cabalo, salta por enriba das sebes coma nunha carreira de obstáculos.

Como non lle aprenderon a ler, non se decata de que na porta do Areas hai prohibición de que pasen os cans. Vai preto de Carlos, que o saca de paseo e tiralles pedras para que as recolla cos dentes ou veña amosalas como trofeos, sen soltalas nin pedindo por favor.

Tendido no chan parece unha alfombra de luxo, desas que non se pisan. E remírate, mentres recupera o alento, con aqueles ollos cubertos de pelo, coma chuvia de la. Tamén senta na cadeira; Carlos mándao para a rúa e Pillete pídelle que o deixe. Pillete, que cando o can é de veraneante que vén mexar na herba chama do peor ao amo.

Yako, fóra, cóbrese do sol na sombra que reflicte o edificio do bar. Alí onde corre a brisa, sen perder de ollo a Carlos, que toma a copa de Ghuanito Camiñante; Pereira, chupiño de Cen Gaiteros. O xornalista, ao través do vidro, faille sinais de xogar coas pedras e Yako, por se é certo, o ademán de botar a carreira.

Xa que logo, cando Carlos redondea o estar canso, que é canso de máis, chama por Yako e este move o rabo... branco, branco sen tacha. E no colo, ou a pé, polo paso de peóns, mándalle unha carreira leda cara á casa. Yako, para Carlos, é unha ledicia de contar o traballo que dá polo ben que presume con esa fermosura que todo o mundo coñece:

—Non é can, senón persoa. Que faciana intelixente! Faciana de amo.